

TAREFA 1 : "A NOSA HORTA"

MESTRA: JENNY (Titora 4^o EI)

ÁMBITOS DE APRENDIZAXE INCLUSIVOS: Ámbito Natural e social

CONTEXTO: Aula de 3 anos (tarefa adaptada para o 2^o ciclo de EI)

CURSO: 2019/2020

ÁMBITO NATURAL E SOCIAL

1. IDENTIFICACIÓN

TAREFA 1 : "A NOSA HORTA"

ETAPA	EDUCACIÓN INFANTIL	NIVEL	4º, 5º E 6º INFANTIL
ÁREA/S	ENFOQUE GLOBALIZADO	MESTRAS	JENNY

DESCRIPCIÓN DA TAREFA:

Realizarán nesta tarefa un caderno de campo internivel (dende infantil ata primaria) no que plasmarán as diferentes especies investigadas e a súa correspondente ficha técnica.

XUSTIFICACIÓN DA TAREFA:

Cada ano traballamos na horta do centro plantando e coidando diferentes especies vexetais. Levamos a cabo esta tarefa co fin de familiarizar ao alumnado coas especies que se atopan neste momento plantadas e coñecelas mais en profundidade.

CONTEXTO:

Aula de 3 anos (ÁMBITO NATURAL E SOCIAL) e a horta do centro.

2. CONCRECIÓN CURRICULAR

ACTIVIDADES	INDICADOR AVALIACIÓN 1	INDICADOR AVALIACIÓN 2	INDICADOR AVALIACIÓN 3	INDICADOR AVALIACIÓN 4	INDICADOR AVALIACIÓN 5
1. CÍRCULO (responden as cuestións): "Sabes que é unha planta?" "Que plantas coñeces?". O alumnado dará	Respecta as quedas de palabra e sabe escoitar.	Fai achegas coherentes ás conversas en grupo.	Amosa unha actitude positiva ante as propostas de actividade.		



resposta a estas preguntas en gran grupo nun círculo ou asemblea onde faremos unha posta en común en gran grupo.					
2. MISIÓN "Reporter@s da nosa horta". Ir á horta e atopar a planta que lles tocou investigar e sacarlle unha foto. Repártese a cada equipo unha folla real dalgunha planta da horta así como unha foto de dita planta (por exemplo: a un equipo se lle entregará unha folla da planta da viña e a súa foto correspondente, a outro equipo se lle entregará unha folla da planta do tomate e a foto, e así con todos os equipos).	Mantén unha actitude observadora o que lle permite ter moitos coñecementos dos elementos do medio.	Goza ao realizar actividades de grupo en contacto coa natureza.	Participa e colabora nas actividades de grupo.	Asume as responsabilidades que lle son asignadas.	Amosa unha actitude positiva ante as propostas de actividade.
3. EXPERIMENTANDO E PESCUANDO INFORMACIÓN. Cada un dos equipos de traballo estará inmerso nunha estación de aprendizaxe distinta dividindo a aula en 4 zonas de traballo.	Describe características físicas (forma, cor) das plantas.	Participa con interese en actividades expresivas.	Participa e colabora nas actividades de grupo.	Amosa unha actitude positiva ante as propostas de actividade.	
4. CÍRCULO (responden as	Coñece coidados	Respecta as quedas de	Fai achegas coherentes ás	Amosa unha actitude	



<p>cueestións): "se eu fora unha planta cal planta me gustaría ser?" ou esta outra "Se eu fora unha planta como me gustaría que me tratasen/coidasen?"</p>	<p>básicos que requiren as plantas para vivir.</p>	<p>palabra e sabe escoitar.</p>	<p>conversas en grupo.</p>	<p>positiva ante as propostas de actividade.</p>	
<p>5. FICHA TÉCNICA (SOPORTES 2 E 3). Deberán cubrir unha ficha técnica por equipo da planta que lles tocou atopar na horta na anterior sesión de ámbitos.</p>	<p>Valora e respecta as producións dos compañeiros e compañeiras.</p>	<p>Participa con interese en actividades expresivas.</p>	<p>Planifica e coordina a súa acción coa dos compañeiros e compañeiras.</p>	<p>Participa e colabora nas actividades de grupo.</p>	<p>Amosa unha actitude positiva ante as propostas de actividade.</p>
<p>6. GRAVACIÓN DOS AUDIOS EN QR: aproveitaremos a posta en común anterior para ir gravando a cada equipo a súa explicación do que fixeron e do que experimentaron coa especie vexetal que lles foi asignada. Esta gravación será engadida ao SOPORTE 3 en forma de código QR para proporcionar diferentes formas de expresión ao conxunto da comunidade de xeito que o noso caderno de campo sexa un caderno accesible á toda a comunidade (proxecto educativo de centro: "Camiño á inclusión").</p>	<p>Describe características físicas (forma, cor) das plantas.</p>	<p>Respecta as quedas de palabra e sabe escoitar.</p>	<p>Participa con interese en actividades expresivas.</p>	<p>Traduce o que observou ou experimentou á linguaxe verbal ou xestual.</p>	<p>Amosa unha actitude positiva ante as propostas de actividade.</p>

<p>7. AVALIACIÓN FINAL GRUPAL DO ÁMBITO: comentaremos o funcionamento da diana de autoavaliación en gran grupo explicando os diferentes ítems que a compoñen. Despois, pasarán aos equipos e a cubrirán no caderno de equipo correspondente.</p>	<p>Planifica e coordina a súa acción coa dos compañeiros e compañeiras.</p>	<p>Participa e colabora nas actividades de grupo.</p>	<p>Fai achegas coherentes ás conversas en grupo.</p>		<p>Amosa unha actitude positiva ante as propostas de actividade.</p>
---	---	---	--	--	--

3. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA (1)

ACTIVIDADES	EXERCICIO 1	EXERCICIO 2	EXERCICIO 3	EXERCICIO 4
<p>1. CÍRCULO (responden as cuestións): "Sabes que é unha planta?" "Que plantas coñeces?". O alumnado dará resposta a estas preguntas en gran grupo nun círculo ou asemblea onde faremos unha posta en común en gran grupo.</p>	<p>1.1. Ver o vídeo coa pregunta.</p>	<p>1.2. CÍRCULO. Cun obxecto da palabra (mascota do ámbito) responderán á cuestión respectando as quendas e escoitando aos demais.</p>	<p>1.3. BUBBLE MAP (SOPORTE 1). A persoa docente irá tomando nota das diferentes respostas e plasmarémolas nun mapa mental en tamaño A3 en gran grupo. Engadiremos ao mapa mental unha imaxe representativa das ideas recollidas no círculo coa App "Dictapicto" ou os pictogramas de ARASAAC.</p>	
<p>2. MISIÓN "Reporter@s da nosa horta". Ir á horta e atopar a planta que lles tocou investigar e sacarlle unha foto. Repártese a cada equipo unha folla real dalgunha planta da horta así como unha foto de</p>	<p>2.1. Observar a imaxe e a folla.</p>	<p>2.2. Saír á horta coa imaxe e tratar de atopar a planta que lles tocou no equipo.</p>	<p>2.3. Sacar a foto co IPAD.</p>	

<p> dita planta (por exemplo: a un equipo se lle entregará unha folla da planta da viña e a súa foto correspondente, a outro equipo se lle entregará unha folla da planta do tomate e a foto, e así con todos os equipos).</p>				
<p>3. EXPERIMENTANDO E PESCODANDO INFORMACIÓN. Cada un dos equipos de traballo estará inmerso nunha estación de aprendizaxe distinta dividindo a aula en 4 zonas de traballo.</p>	<p>3.1. ESTACIÓN DE PESCUA DE INFORMACIÓN. Nesta estación disporán dunha mesa con diferentes recursos e soportes que ofrezan información sobre as plantas protagonistas da investigación: haberá libros, imaxes...</p>	<p>3.2. ESTACIÓN DE LUZ. Haberá dúas mesas de luz con diferentes follas das plantas atopadas na horta anteriormente para que poidan experimentar con elas de xeito libre e observalas con mais detalle a través da luz.</p>	<p>3.3. ESTACIÓN SENSORIAL. Consistirá en colocar no chan un pequeno "corredor" sensorial no que o alumnado poderá pisar sobre diferentes texturas que teñan unha conexión directa coas especies vexetais (herba seca, paos, pedras, follas dalgunha das especies da horta...).</p>	<p>3.4. ESTACIÓN OLFATIVA. Existirá unha mesa con algunhas plantas e a súa flor ou froito para que o alumnado poida cheiralas, machucalas...</p>
<p>4. CÍRCULO (responden as cuestións): "se eu fora unha planta cal planta me gustaría ser?" ou esta outra "Se eu fora unha planta como me gustaría que me tratasen/coidasen?"</p>	<p>4.1. Ver o vídeo coa pregunta.</p>	<p>4.2. CÍRCULO. Cun obxecto da palabra (mascota do ámbito) responderán á cuestión respectando as quendas e escoitando aos demais.</p>	<p>4.3. Coa persoa docente como guía faremos unhas breves conclusións sobre os bos coidados das plantas e as súas necesidades vitais.</p>	
<p>5. FICHA TÉCNICA (SOPORTES 2 E 3). Deberán cubrir unha ficha técnica por equipo da planta que lles tocou atopar na horta</p>	<p>5.1. Explicación da actividade en gran grupo.</p>	<p>5.2. En pequeno grupo deberán estampar follas reais das especies da horta ou calcar a súa silueta no</p>	<p>5.3. Deberán coller a folla da plantación que lles tocou investigar e, ou ben estampala na ficha técnica (SOPORTE 3)</p>	<p>5.4. POSTA EN COMÚN en gran grupo sobre as experiencias vividas coas follas e o que incluíron na ficha técnica nos</p>

<p>na anterior sesión de ámbitos.</p>		<p>SOPORTE 2 de forma libre e poñéndose da cordo no equipo. Para facer esta actividade seguirán a estrutura cooperativa folio xiratorio.</p>	<p>ou se non calcar a súa silueta. Incluirán o nome da planta en dito soporte.</p>	<p>distintos equipos.</p>
<p>6. GRAVACIÓN DOS AUDIOS EN QR: aproveitaremos a posta en común anterior para ir gravando a cada equipo a súa explicación do que fixeron e do que experimentaron coa especie vexetal que lles foi asignada. Esta gravación será engadida ao SOPORTE 3 en forma de código QR para proporcionar diferentes formas de expresión ao conxunto da comunidade de xeito que o noso caderno de campo sexa un caderno accesible á toda a comunidade (proyecto educativo de centro: "Camiño á inclusión").</p>	<p>6.1. Gravación das diferentes explicacións durante a posta en común en gran grupo.</p>	<p>6.2. Coa App PICCOLLAGE faremos un montaxe coa imaxe da ficha técnica (SOPORTE 3) de cada un dos equipos e coa descrición oral que fagan da planta na posta en común en forma de código QR.</p>		
<p>7. AVALIACIÓN FINAL GRUPAL DO ÁMBITO: comentaremos o funcionamento da diana de autoavaliación en gran grupo explicando os diferentes ítems que a compoñen. Despois,</p>	<p>7.1. Explicación da diana en gran grupo e os ítems de avaliación. Valoración das actividades realizadas no ámbito.</p>	<p>7.2. Cubrirán as dianas no caderno de equipo correspondente coa axuda das mestras de ámbito.</p>		

<p>pasarán aos equipos e a cubrirán no caderno de equipo correspondente.</p>				
--	--	--	--	--

ACTIVIDADES	ESCENARIO	AGRUPAMENTO	RECURSOS DIDÁCTICOS	TEMPORALIZACIÓN
<p>1. CÍRCULO (responden as cuestións): "Sabes que é unha planta?" "Que plantas coñeces?". O alumnado dará resposta a estas preguntas en gran grupo nun círculo ou asemblea onde faremos unha posta en común en gran grupo.</p>	AULA 3 ANOS	GRAN GRUPO	Mascota do ámbito como obxecto de palabra, SOPORTE 1.	Xoves 9:25-9:50
<p>2. MISIÓN "Reporter@s da nosa horta". Ir á horta e atopar a planta que lles tocou investigar e sacarlle unha foto. Repártese a cada equipo unha folla real dalgunha planta da horta así como unha foto de dita planta (por exemplo: a un equipo se lle entregará unha folla da planta da viña e a súa foto correspondente, a outro equipo se lle entregará unha folla da planta do tomate e a foto, e así con todos os equipos).</p>	AULA 3 ANOS E HORTA DO CENTRO	PEQUENO GRUPO	IPAD, imaxes/fotos das especies vexetais, follas reais das plantas a atopar.	Xoves 9:50-10:40
<p>3. EXPERIMENTANDO E PESCUDANDO INFORMACIÓN. Cada un dos equipos de traballo estará inmerso nunha estación de aprendizaxe distinta dividindo a aula en 4 zonas de traballo.</p>	AULA 3 ANOS	PEQUENO GRUPO	Libros (Inventario de flores, Inventario de froitas e verduras, Inventario de árbores...), fotos, dúas mesas de luz, follas reais das plantas da horta, recursos da natureza (herba seca, paos,	Xoves 11:10-12:10

			pedras, follas dalgunha das especies da horta, froitos...).	
4. CÍRCULO (responden as cuestións): "se eu fora unha planta cal planta me gustaría ser?" ou esta outra "Se eu fora unha planta como me gustaría que me tratasen/coidasen?"	AULA 3 ANOS	GRAN GRUPO	Mascota do ámbito como obxecto de palabra.	Martes 9:25-9:40
5. FICHA TÉCNICA (SOPORTES 2 E 3). Deberán cubrir unha ficha técnica por equipo da planta que lles tocou atopar na horta na anterior sesión de ámbitos.	AULA 3 ANOS	PEQUENO GRUPO	SOPORTE 2 e SOPORTE 3, ceras de cores, follas reais de plantas da horta.	Martes 9:40-10:40
6. GRAVACIÓN DOS AUDIOS EN QR: aproveitaremos a posta en común anterior para ir gravando a cada equipo a súa explicación do que fixeron e do que experimentaron coa especie vexetal que lles foi asignada. Esta gravación será engadida ao SOPORTE 3 en forma de código QR para proporcionar diferentes formas de expresión ao conxunto da comunidade de xeito que o noso caderno de campo sexa un caderno accesible á toda a comunidade (proxecto educativo de centro: "Camiño á inclusión").	AULA 3 ANOS	GRAN GRUPO	IPAD.	Martes 11:10-11:55
7. AVALIACIÓN FINAL GRUPAL DO ÁMBITO: comentaremos o funcionamento da diana de autoavaliación en gran grupo explicando os diferentes ítems que a compoñen. Despois, pasarán aos equipos e a cubrirán no caderno de equipo correspondente.	AULA 3 ANOS	GRAN GRUPO E PEQUENO GRUPO	Caderno de equipo, ceras de cores.	Martes 11:55-12:10

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

ESCALA DE VALORACIÓN: A CUBRIR POLA MESTRA DE ÁMBITO

ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE DIRECTAMENTE OBSERVABLE	SI	NON
<ul style="list-style-type: none"> Mantén unha actitude observadora o que lle permite ter moitos coñecementos dos elementos do medio. 		
<ul style="list-style-type: none"> Describe características físicas (forma, cor) das plantas. 		
<ul style="list-style-type: none"> Coñece coidados básicos que requiren as plantas para vivir. 		
<ul style="list-style-type: none"> Goza ao realizar actividades de grupo en contacto coa natureza. 		
<ul style="list-style-type: none"> Respecta as quedas de palabra e sabe escoitar. 		
<ul style="list-style-type: none"> Valora e respecta as producións dos compañeiros e compañeiras. 		
<ul style="list-style-type: none"> Participa con interese en actividades expresivas. 		
<ul style="list-style-type: none"> Planifica e coordina a súa acción coa dos compañeiros e compañeiras. 		



<ul style="list-style-type: none"> • Participa e colabora nas actividades de grupo. 		
<ul style="list-style-type: none"> • Participa activamente nas actividades e tarefas. 		
<ul style="list-style-type: none"> • Fai achegas coherentes ás conversas en grupo. 		
<ul style="list-style-type: none"> • Traduce o que observou ou experimentou á linguaxe verbal ou xestual. 		
<ul style="list-style-type: none"> • Amosa unha actitude positiva ante as propostas de actividade. 		

AVALIACIÓN FINAL POR PARTE DA COORDINADORA DE ÁMBITO


A coordinadora tomará nota ao longo das sesións que se van a desenvolver coa posta en práctica da tarefa e realizará unha avaliación da propia práctica docente. Utilizará o soporte que se mostra no lado dereito da folla.

VALORACIÓN OBRADOIROS INCLUSIVOS Idea

AVALIACIÓN DA POSTA EN PRÁCTICA...


IDEAS E PROPOSTAS PARA MELLORAR...

DATA DA REALIZACIÓN DOS OBRADOIROS:
ASINADO:



AVALIACIÓN NO CADERNO DE EQUIPO (ALUMNADO E MESTRA)

DIARIO DE SESIÓNS	
DATA:	
ÁMBITO (PEGAR A IMAXE QUE CORRESPONDA):	
NOME DO EQUIPO:	



CADERNO DE EQUIPO: DIARIO DE SESIÓNS E DIANA DE AUTOAVALIACIÓN GRUPAL.

* A CUBRIR POLA PERSOA DOCENTE




ESTRUTURAS COOPERATIVAS EMPREGADAS




FICHA DE AVALIACIÓN DA COORDINADORA DE ÁMBITO DAS ESTRUTURAS COOPERATIVAS, CÍRCULOS E RUTINAS DE PENSAMENTO.

SOPORTES PARA A TAREFA 1



SOPORTE 1. BUBBLE MAP



SOPORTE 2. ESTRUTURA FOLIO XIRATORIO.



SOPORTE 3. FICHA TÉCNICA